

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 50

ano 8

xaneiro-febreiro 2014

250 aniversario do Padre Feijoo (I) VIDA DO SABIO DE CASDEMIRO



No ano 1876 cumpríase o segundo centenario do nacemento de Benito Feijoo y Montenegro, o monxe bieito de orixe ourensá considerado abandeirado da **Ilustración** en España e pai do ensaio moderno neste país.

Con motivo da efeméride publicouse en Ourense un **Álbum literario** dedicado a la inmortal memoria del ilustre crítico Padre Feijoo. A iniciativa foi do semanario *El Heraldo Gallego*, fundado e dirixido polo xornalista e poeta Valentín **Lamas Carvajal**, un dos principais impulsores dos actos que xiraron arredor da conmemoración. Nese álbum apareceu unha instantánea da **casa natal** do Padre Feijoo (véxase o reverso), situada en **Casdemiro**. A vista próxima permite apreciar con certo detalle parte da horta e das viñas anexas á casa, da que se ve un tramo lonxitudinal cun corredor ocupado nese momento por diversas persoas. Esa fotografía serviu de base para o gravado que presentamos neste número de *Fron da*. O autor foi **Manuel Nao** (Madrid, 1843-1884), debuxante de *La Ilustración Española y Americana*, revista que, seguindo o pintoresco modelo

das grandes revistas ilustradas europeas, é considerada coma o máximo expoñente do **xornalismo gráfico** español.

No número XXXVII, sacado do prelo na data da efeméride (o 8 de outubro de 1876), foi onde apareceu o gravado. Neste foron eliminadas parte das persoas que saían no corredor da fotografía. Por outra banda, a man de Nao transformou o que na foto semella, nun primeiro termo, terreo de horta ou labranza nunha especie de terra baldía, cun conxunto diseminado de pedras. Nese espazo, dinamizando o conxunto da estampa, o artista madrileño engadiu dous tipos ataviados con **traxes tradicionais** dotando a composición dun enxebrismo folclórico moi do gusto da época.

NAO, Manuel
Casdemiro (Ourense). Casa donde nació el P. Feyjoó, el 8 de octubre de 1676 (de fotografía) / Nao. - [Madrid, 1876]
1 estampa : gravado xilográfico acquarelado a man; pegada da prancha 16,7 x 22,5 cm., en h. de 18,6 x 24,3 cm
AHPOu, Colección de impresos, Carp. XIX

O sabio de Casdemiro: Benito Feijoo y Montenegro

«Fue el Rmo. Feijoo de estatura prócer (...); el cuerpo muy derecho (...); sus miembros robustos y proporcionados. En una palabra: era bien hecho. Su cara algo más alargada que lo justo; el color medianamente blanco; los ojos vivos, penetrantes y juntamente apacibles (...). El semblante plácido, sobre sí y justamente majestuoso, de suerte que desde luego enviaba especie de hombre grande. Era algo calvo, y había encanecido desde la edad de 30 años, como decía él mismo. (...). El cutis muy delicado, y la complexión sana, de suerte que su grande achaque para la muerte fue la vejez y falta de espíritus vitales». Esta foi a **descripción física** que do “Padre Feijoo” apareceu no relato que se fixo da súa morte e funerais. Era a imaxe dun home que viñera ao mundo oitenta e sete anos antes nunha aldea do Reino de Galicia.



Fotografía da casa natal do P. Feijoo que ilustra a publicación *La aldea de Casdemiro*. AHPOu, 14532

O 8 de outubro de 1676, á beira do río Miño, moi preto da cidade de Ourense, no lugar de **Casdemiro** (Santa María de Melias, O Pereiro de Aguiar), naceu Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro Puga no seo dunha **familia fidalga**. Foi o primeiro dos dez fillos de don Antonio Feijoo Montenegro e dona María de Puga Sandoval y Novoa.

En razón á súa **primoxenitura** aquel neno estaba destinado a herdar o morgado familiar; debía perpetuar a súa liñaxe e vivir das rendas producidas polo seu patrimonio. Pero a súa natural e temperá inclinación ao **estudo**, fomentada polos seus proxenitores, marcoulle unha senda distinta, máis propia dos segundóns: unha **vida de monxe**, dedicada con tesón ao coñecemento.

É probable que Benito J. Feijoo aprendese as primeiras letras en **Allariz**, residencia habitual da súa familia. Hai autores que consideran tamén que continuou os estudos no Real Colexio de Santo Estevo de Ribas de Sil. Non obstante, non hai noticia documental que avale ambas probabilidades. Hai que agardar a que aos “catorce de idade”, según el refire, ingresase no mosteiro de San Xulián de **Samos** (Lugo). A partir dese momento xa temos constancia fidedigna dos pasos vitais que deu o P. Feijoo. No mosteiro lucense profesou no ano 1692 co hábito bieito que habería de vestir durante o resto da súa vida. Nese momento renunciou ao morgado.

O “home apacible” - así o consideraron os que o trataron- forxou a súa prolíxica mente co estudo e a conversa, á que era moi afeccionado. A súa alta figura paseou os claustros de San Vicente de **Salamanca**, San Pedro de **Eslonza** (León), San Salvador de **Lérez** -onde coñeceu a **frei Martín Sarmiento**, con quen trabou amizade e colaborou de por vida- e **Poio** (Pontevedra).

O “home apacible” dedicado ao saber

No ano 1709, cumpridos os trinta e tres, o P. Feijoo fixou a súa residencia definitiva no convento de **San Vicente de Oviedo**, do que sería abade en distintas ocasións. En Oviedo foi profesor de **Teoloxía** e desenvolveu unha carreira académica exemplar, ascendendo na escala universitaria ata ocupar a **cátedra de Prima**, a de maior prestixio, da que se xubilou en 1739.

A súa vida estivo marcada pola sinxeleza de carácter. Segundo os seus coetáneos, foi persoa de trato “humano, amable e accesible”. Satisfíxolle a **vida sosegada** de provincias. Renunciou a calquera clase de prebenda, coma, por exemplo, un bispado en América que lle foi ofrecido no ano 1725 por Filipe V.

A mentalidade do P. Feijoo encaixou ben na liña **reformista** que introduciron os Borbóns dende que accederon ao trono español a principios do s. XVIII. Esta razón explica, en boa medida, que o sabio bieito gozase do favor real ao ser nomeado, por **Fernando VI**, membro do Consello do Rei en 1748, e que obtivese deste monarca unha importante defensa da súa obra.

O Padre Feijoo faleceu un 26 de setembro de 1764, aos 87 anos de idade. As súas inqúedanzas intelectuais ocuparon o seu tempo vital. Froito do seu traballo é o importante e imperecedeiro **legado de sabedoría** que se recolle nas obras dun pensador inconformista que se considerou un “cidadán libre da República Literaria”.

Os documentos da familia de Feijoo no AHPOu

No AHPOu existen diversos documentos relacionados coa **familia do Padre Feijoo**. Están localizados fundamentalmente en dous fondos e as súas datas extremas son **1539 e 1788**.

Por unha banda está o fondo **Marqueses de Leis**, concretamente na casa de **Santa Mariña de Augas Santas**, que estaría vinculada á nai, María de Puga y Sandoval Novoa. Alí podemos atopar unha variedade de tipoloxías documentais (ventas, dotes, testamentos, poderes, cartas...), que atinxen tanto a aspectos patrimoniais como persoais, relacionados coa familia materna.

Por outra banda tamén hai documentos nos protocolos notariais de **Allariz**. As tipoloxías son bastante análogas, destacando o inventario de bens deixados en Casdemiro á morte de Antonio Feijoo y Ulloa, avó paterno do padre Feijoo.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA